



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN MÚSICOS AO VIVO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS RELACIONADAS COA CUARTA EDICIÓN DOS PREMIOS MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou coa **Asociación Músicos ao Vivo** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **16 de marzo de 2017 ata o 10 de xullo de 2017**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a realización de actividades relacionadas coa IV edición dos Premios Martín Códax da Música, convocatoria destinada a proxectos musicais galegos (grupos, solistas ou colectivos) vixentes e en activo en 2017 que compiten en dezaseis categorías que recollen os máis variados estilos musicais, ademais dun premio honorífico como homenaxe á traxectoria artística e dedicación á música ao vivo, e os premios Organistrum, cos que se pretende recoñecer o labor das salas, festivais e espazos de comunicación musical. A gala terá lugar o 3 de maio de 2017 no Pazo da Cultura de Pontevedra.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación Músicos ao Vivo organiza por cuarto ano os Premios Martín Códax da Música como un xeito de recoñecer e darlle visibilidade a unha industria cun gran potencial creativo e calidade artística, promovendo a música feita en Galicia, ou fóra pero por músicos galegos, non só a nivel da Comunidade, senón tamén estatal e mesmo internacionalmente, ampliando deste xeito a actividade económica no exterior. Recoñecer a creación, a diversidade e a calidade artística das producións musicais, facer rendible o potencial da música galega e facer visible a todo un sector son os tres piares non que se sustentan estes premios, e que a Agadic xulga necesario apoiar de cara á súa consolidación ao considerar este proxecto como unha inmillorable plataforma de promoción deste sector básico da cultura galega.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

